Es una chica chic? (Autocuestionario)

Mordes as unllas ou lévalas á última?

As unllas úsoas para rabuñar a pel dos peluches.

Prefires barra de labios ou brillo?

Prefiro óxido na lingua, cuspe e dinamita.

Cal é a túa pose favorita?

A posición dunha percha no armario.

Estás apuntada a clases de dance?

Estou apuntada a unha danza de contradicións.

Gústanche os gatiños como mascotas?

Escollo o negro da pel da pantera.

Canto tempo pasas fronte aos espellos?

Procuro esquivalos para que non me devoren.

Cal é o teu mellor truco de beleza?

Dubidar, non sentirme evax fina y segura.

Como imaxinas a un chico dez?

Case tan perdido coma min, pero sen tetas.

Es feliz?

Nin se me pasa pola cabeza ser un parrulo no estanque.

CARLOS NEGRO

PENÚLTIMAS TENDENCIAS

O obxecto dos certames é que a poboación adolescente cree debate, fomente a súa creatividade mentres reflexionan sobre a importancia de combater  e denunciar a violencia de xénero e, así mesmo, expoñan os motivos polos que se deben xuntar esforzos para combater esta lacra social.

Imaxe dunha campaña do Ministerio de Sanidade, "É violencia de xénero"




# CONVOCAN

EDLG DO IES DE CARRAL

BIBLIOTECA PASANDO PÁXINA

CONCELLARÍA DE EDUCACIÓN, SANIDADE, VOLUNTARIADO E IGUALDADE DO CONCELLO DE CARRAL.



# Día contra a violencia de xénero

## 25 DE NOVEMBRO

# aCURTA
# A VIOLENCIA DE XÉNERO

CONCURSO DE CURTAS CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO 3º/4º DA ESO.

CADA CLASE PRESENTARÁ UN GUIÓN E UNHA CURTA.

A CURTA E O GUIÓN ENVIARANSE AO CORREO ELECTRÓNICO DO CENTRO:  ies.carral@edu.xunta.gal

NO ASUNTO INDICARASE, "Concurso contra a violencia de xénero. (Nome da clase).

O IDIOMA EMPREGADO SERÁ O GALEGO.

O PRAZO DE PRESENTACIÓN REMATA O VENRES 22 DE NOVEMBRO.

O PREMIO CONSISTIRÁ NUN XANTAR PARA TODA A CLASE UN LUNS AO MEDIODÍA NA CAFETARÍA DO CENTRO.

## Proxecto Lector 25-11-19
## 8ª hora do luns.

## Lecturas pola igualdade, contra a violencia de xénero.



# Contra a violencia de xénero TOD@S TEMOS UN PAPEL.

CONCURSO DE FRASES CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO 1º/2º DA ESO

CADA CLASE ESCRIBIRÁ UN CONXUNTO DE FRASES NUN PAPEL CONTINUO QUE PORÁ NA PORTA DA AULA.

O IDIOMA EMPREGADO SERÁ O GALEGO.

O XURADO PASARÁ A VALORALAS O VENRES 22 DE NOVEMBRO.

O PREMIO CONSISTIRÁ NUN XANTAR PARA TODA A CLASE UN LUNS AO MEDIODÍA NA CAFETARÍA DO CENTRO.

# NON ME GUSTA QUE HAXA XOGUETES PARA NENAS E XOGUETES PARA NENOS